

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE OUTUBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

## **A XUNTA APROBA UN ORZAMENTO PARA 2018 DE 9.487 MILLÓNS, O MÁIS ALTO DESDE 2010, QUE PERMITIRÁ REFORZAR A CREACIÓN DE EMPREGO, O GASTO SOCIAL, A INNOVACIÓN E O CRECEMENTO EN ESTABILIDADE**

- *As contas para o vindeiro ano medran un 2,9% e esgotan o teito de gasto*
- *O Goberno galego contará con 331 millóns máis respecto ao Orzamento vixente*
- *Os investimentos aumentan un 6,6%, o maior esforzo investidor desde a crise*
- *O gasto social increméntase en 202 millóns e redóbrase a aposta pola innovación*
- *Engádense novas rebaixas de impostos con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural e os cascos históricos*
- *As contas inclúen unha reserva de crédito de ata o 2% para asumir o incremento retributivo que poida fixar o Estado para os empregados públicos*
- *O Goberno galego prevé que a economía galega medre un 2,5% no 2018, e que a taxa de paro siga baixando ata o 14,2% coa creación de 17.500 novos empregos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2018, que establece un gasto de 9.487 millóns de euros, o que supón esgotar o teito de gasto aprobado polo Parlamento galego. A Xunta incrementa así o seu gasto en 266 millóns respecto ao ano anterior, aos que se suman 65 millóns máis de capacidade pola baixada dos xuros da débeda, o que supón que Galicia contará con 331 millóns máis para reforzar o gasto social, a innovación e a creación de emprego.

Os orzamentos do vindeiro ano conforman os terceiros presupostos expansivos consecutivos, posto que Galicia contará cun aumento de gasto do 2,9% en comparación cos orzamentos vixentes. É o orzamento máis alto desde o ano 2010, de xeito que Galicia disporá de 1.100 millóns de euros máis en relación ás contas de 2015.

Ademais, os presupostos inclúen unha reserva de crédito de ata o 2% para asumir o incremento retributivo que poida fixar a Administración do Estado para o conxunto dos empregados públicos cando aprobe o seu orzamento, que neste momento aínda non foi presentado debido ao bloqueo institucional.

Outro punto que cómpre resaltar nas contas de 2018 é o forte incremento dos investimentos, cun aumento medio do 6,6% que supón o maior esforzo investidor realizado pola Administración galega desde antes da crise económica. Pola contra, o único capítulo de gasto que baixa nos Orzamentos é o de xuros de débeda, grazas á cal o vindeiro ano a Xunta aforrará 65 millóns de euros, uns recursos que se poderán dedicar a todos os galegos. De feito, o gasto en débeda reduciuse á metade nos últimos anos.

### **Gasto social e emprego continúan como prioridades de gasto**

Unha das prioridades da Xunta de Galicia no 2018 seguirá sendo o gasto social, que se incrementa en 202 millóns de euros. Nas contas mantense o impulso ás políticas sociais co obxectivo de acadar un crecemento integrador, destinando 369 millóns á dependencia para chegar a atender a 60.000 persoas e estendendo a Tarxeta Benvida ata os tres anos para as familias con rendas baixas.

Tamén entre as prioridades da Xunta seguirá estando a creación de emprego e a mellora do mercado laboral galego. O obxectivo é crear no 2018 uns 17.500 novos postos de traballo polo que o Goberno galego reservará 246 millóns de euros para a promoción do emprego, cun aumento do 9,6% máis para escolas obradoiro. Tamén se destinarán máis recursos para o fomento da empregabilidade, atención ás persoas desempregadas de longa duración, ás actuacións de apoio aos autónomos ou o fomento do emprego no rural.

### **Sanidade e educación**

No eido sanitario, a Xunta disporá de 129 millóns máis que permitirán reforzar unha sanidade pública e de calidade. Destacan as novas infraestruturas en Ferrol, Pontevedra e Lugo; os recursos para ampliar o CHUS, a nova facultade de Medicina, para o Plan Director de Ourense e para a EOXI de A Coruña. Ademais, hai unha aposta clara por unha mellor atención sanitaria con máis de 300 novas prazas de profesionais sanitarios.

En canto ao ámbito educativo, os orzamentos do vindeiro ano disporán de recursos para camiñar cara a un ensino óptimo coa mellora dos centros educativos; a modernización do ensino, mantendo a aposta polo plurilingüismo; e reforzando o compromiso co ensino superior posto que 2018 se dedicarán ás universidades 421 millóns de euros, o que representa un incremento de 46 millóns nos últimos tres anos.

### **A innovación como prioridade**

No eido da innovación, a Xunta vai redobrar en 2018 a súa aposta pola competitividade. Así, incrementaranse máis dun 20% os recursos para a innovación e aumentarán o apoio empresarial, reforzando o Igape cun 18% máis de recursos; e con novos programas de instrumentos financeiros innovadores. Ademais, reforzaranse as partidas para un sector clave como é o turismo, con recursos para comezar a preparar o Ano Santo 2021.

### **Apoio ao medio rural**

O vindeiro ano, o Goberno galego mantén o compromiso contraído no inicio desta lexislatura co medio rural. Neste sentido, dedicaranse 27 millóns en investimento para explotacións agrarias; e case 24 millóns para a comercialización de produtos agrarios, un 13,3% máis. No eido marítimo, a Xunta aposta por un forte impulso á

transformación dos produtos da pesca e da acuicultura e tamén aos investimentos en infraestruturas portuarias.

O proxecto de Orzamentos tamén inclúe un pulo aos espazos de atención aos cidadáns, espazos públicos que cumpren unha importante función e que terán compromisos concretos nas contas de 2018, como o Espazo Público AMIZAR, o edificio administrativo Benito Corbal, o Novo Barrio da Residencia en Lugo, o campus do Mar na ETEA, o edificio Concepción Arenal en Ourense ou os edificios xudiciais de Vigo ou Pontevedra.

### **Continúa a política de baixada de impostos**

Ademais do Proxecto de lei de Orzamentos para 2018, o Goberno galego tamén aprobou o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas, no que se inclúen novas baixadas de impostos e se manteñen todas as que xa están en vigor como a do IRPF –que beneficia ao 98,5% dos contribuíntes-, no Imposto sobre sucesións -que supón que o 99% dos galegos non pagan este imposto cando reciben unha herdanza dun familiar directo- e no Programa de impostos cero no rural.

A isto engádense as novas rebaixas de impostos con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural e os centros históricos. Así, apróbanse deducións fiscais para as persoas que invistan en terras e bens rústicos desaproveitados; apróbanse tamén deducións para as persoas que invistan nunha Sociedade de Xestión Forestal; póñense en marcha novas deducións para as persoas que invistan na rehabilitación de inmobles dos centros históricos ou en actividades económicas neles, e elimínase o Imposto de actos xurídicos documentados para os que merquen solo industrial das administracións.

### **Empregados públicos**

Os Orzamentos para 2018 volverán reflectir o compromiso deste Goberno na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos. Por isto, a Administración galega vai ofertar 14.750 prazas ata 2020, a través dun plan de estabilidade pactado onte con tres dos catro sindicatos da mesa xeral de Función Pública, que queda aberto aos sindicatos de Educación, Sanidade e Xustiza.

Esta ampla oferta de prazas permitirá situar a taxa de temporalidade do emprego público no contorno do 7%, é dicir, en termos de práctica estabilidade. Ademais, inclúense melloras da conciliación da vida familiar cun aumento dos permisos de maternidade e paternidade -22 semanas retribuídas por maternidade-, a maior duración de España.

O Goberno autonómico incrementará de novo en 2018 o esforzo no financiamento da Administración local ata acadar os 137,1 millóns de euros a través do Fondo de

Cooperación Local, cun incremento do 3,5%, por riba da media dos Orzamentos. Como novidade, destinaranse recursos para compensar os gastos de mantemento de centros de saúde de titularidade municipal e para a comarcalización dos parques de bombeiros.

### **Previsións macroeconómicas**

O proxecto de Lei de Orzamentos para 2018 permitirá consolidar e reforzar a recuperación económica dos últimos anos. Para o vindeiro ano a previsión é seguir crescendo conforme ao Plan Estratéxico ata 2020 cun crecemento estimado do 2,5% - por riba do estimado para España e Europa- e que a taxa de paro siga baixando ata o 14,2%. Trátase dunha previsión prudente polos posibles efectos que poida ter a situación política e económica de Cataluña.

Logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta, o proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade autónoma para o 2018 será remitido á Cámara galega para a súa tramitación parlamentaria, ao igual que o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE MEDIDAS URXENTES DE AXUDA PARA A REPARACIÓN DE DANOS OCACIONADOS POLOS LUMES DESTES DÍAS

- *O Goberno galego considera necesario establecer de maneira inmediata unha resposta ante a existencia desta situación catastrófica*
- *Ten como finalidade restablecer os servizos esenciais afectados e paliar os danos producidos tanto nos bens de titularidade pública como privada*

O Consello aprobou hoxe o decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron na nosa Comunidade durante estes días, o que fai necesario articular entre todas as administracións implicadas un sistema de axudas que palíen os danos causados polos incendios, que atendan as situacións de necesidade, e contribúan a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade económica das zonas afectadas, xa que segundo o informe da Axencia Galega de Emerxencias declárase como de natureza catastrófica.

O Goberno galego considera necesario establecer de maneira inmediata unha resposta ante a existencia desta situación de emerxencia -que comporta danos con repercusións tanto a nivel económico como social-, polo que a Xunta aproba esta liña de axudas co fin de restablecer os servizos esenciais afectados e atender as necesidades derivadas desta situación.

### **Beneficiarios**

Poderán solicitar as axudas todas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto o inmovible como o enxoval; os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producisen danos derivados directamente dos incendios; os titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios, así como os titulares de maquinaria afectada por incendios forestais. Ademais, poderán solicitálas todas as entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal polos incendios; así como as confrarías polos danos causados nos bancos marisqueiros polas cinzas derivadas dos lumes.

A maiores, cando non se cubra a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido ou da contía ou porcentaxe deste que se fixe en cada convocatoria.

### **Tipos de axudas**

As axudas por danos persoais concederanse por falecemento, por incapacidade absoluta permanente e por lesións que causasen a hospitalización da persoa ferida cando o feito causante teña a súa orixe nos acontecementos obxecto de regulación neste decreto. O importe desta axuda será para o caso de falecemento e incapacidade permanente absoluta de 75.000 euros, e de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización.

As vivendas que constitúan a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias serán beneficiarias de axudas ata cubrir o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, cun máximo que suporá o 75% do prezo dunha vivenda protexida na mesma localidade. No caso das vivendas de carácter ocasional, poderán recibir axudas de ata o 40 % do valor de reparación ou reposición do inmovible danado. Inclúense as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns, como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo ou instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, sempre e cando estean situadas no mesmo predio da vivenda. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade, e ao igual que nas vivendas, cubrirá o 100% se é enxoval de vivenda habitual ou 40% no caso de vivenda ocasional.

Ademais, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda poderá contribuír a sufragar os gastos que orixine o aloxamento provisional de aquelas persoas que, como consecuencia da acción dos lumes teñan que abandonar temporalmente as súas vivendas e, no seu caso, mentres efectúen as obras de reparación. A estes efectos, poderá celebrar convenios ou acordos con outras administracións públicas ou con organizacións especializadas no auxilio ou asistencia a damnificados en situacións de sinistro ou catástrofe.

### **Entidades locais**

As entidades locais poderán solicitar axudas que serán destinadas a cubrir os gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e os danos causados nos bens de titularidade municipal prexudicados polos incendios. Estas axudas terán, en todo caso, carácter complementario ás que sexan aprobadas por outras administracións.

As achegas da Xunta de Galicia articularanse a través de convenios de colaboración que establecerán o cofinanciamento das actuacións entre as administracións competentes, na porcentaxe que se fixe e contando coas respectivas deputacións provinciais, como competentes en materia de auxilio e cooperación aos municipios, especialmente a aqueles de menor tamaño, tal e como recolle a Lei de emerxencias.

Poderán recibir axudas os titulares das infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais, como pistas forestais, captacións de auga, cerramentos e os seus complementos, bebedoiros, comedeiros, maquinaria e equipamento agrícola ou forestal, plantacións privadas e amoreamentos de madeira cortada que fosen afectadas polos incendios forestais.

Serán obxecto de axuda os danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos ou mercantís como consecuencia dos estragos ocasionados polos incendios nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías nelas depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Os titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras que sufrisen perdas da súa produción por mor dos incendios, poderán ser beneficiarios das axudas polos danos sufridos nas explotacións que están situadas no ámbito xeográfico da nosa Comunidade.